

ACTA Nº 53 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado

A sesión realízase a distancia de acordo co artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e o “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/4/2020. Os acordos tómanse contestando vía correo electrónico, coa opción “responder a todos”, no prazo que vai dende o envío da convocatoria o día 2 de maio ás 20:30 h. ata o día 7 de maio ás 9:00 h., sendo as opcións: “a favor”, “en contra”, ou “abstención”.

DATA: 7 de maio de 2024

HORA: 9:00 h.

ASISTENTES

Aznar Cuadrado, Virginia (PDI)
Brao Viña, Ana M^a (PAS)
Dosil Díaz, Carlos (PDI)
López Gómez, Santiago (PDI)
López Rúa, Paula (PDI)
Romero Castro, María José (PDI)
Santamaría Queiruga, Olaya (PDI)
Sarceda Gorgoso María Carmen (PDI)
Simil Romero, Isabel (Representante Estudantado)
Souto Seijo, Alba María (PDI)

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, do autoinforme de seguimento do Máster Universitario en Profesorado. Curso 2022-23 (xúntase autoinforme).

A presidenta da Comisión, Carmen Sarceda, informa que este documento xa foi aprobado na Comisión Intercentros do Master.

A vicedecana, Paula López, indica que no documento hai varios erros que non están subsanados nas accións de mellora, e enumera algúns deles:

- Aparecen algunhas accións como “abertas 22-23” en vez de “abertas 23-24”
- As accións 1 e 3 aparecen ao mesmo tempo como “activas” e “executadas”
- As accións específicas da FFP de Lugo non coinciden coas reflexadas no documento
- Faltan accións de mellora como a da perspectiva de xénero

O coordinador do Master Universitario en Profesorado en Lugo, Carlos Dosil, concorda cos datos apuntados sobre a FFP.

A vicedecana indica que intentou acceder á aplicación para comprobar se estaban gravados os datos contraditorios que figuran nas táboas pero non tiña permiso, e reflexiona sobre a pertinencia de levar este documento a revisión externa.

Acórdase aprobar o autoinforme de seguimento do Máster Universitario en Profesorado Curso 2022-23, co seguinte resultado:

Número de votos emitidos: 10

Votos a favor: 5

Votos en contra: 0

Abstencións: 5

A secretaria

Virginia Aznar Cuadrado

Visto e Prace da Presidenta

M. Carmen Sarceda Gorgoso

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 01/07/2024 21:29:02.

Asinante/Firmante/Signer: VIRGINIA AZNAR CUADRADO, SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 01/07/2024 21:24:06.

CSV: 66D7-E04A-4189-A7CE